

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 4 de decembro de 2018 pola que se modifica o artigo 38 da Resolución do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do programa Conecta peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación, a través do apoio a proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

A Resolución do 31 de decembro de 2017 estableceu as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do programa Conecta peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación, a través do apoio a proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG núm. 28, do 8 de febreiro).

O artigo 38 establece a documentación económica que se deberá presentar para a xustificación das axudas, e na letra g) 6), no último parágrafo establece o seguinte: «En todo caso, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación no prazo máximo dun mes desde a data límite de presentación da documentación xustificativa establecida na convocatoria».

Unha vez advertido que o dito prazo dun mes non recolle todas as situacións que permiten os calendarios de recadación para os ingresos á conta do IRPF ou as cotas de seguros sociais considerase oportuno modificar ese prazo.



En consecuencia, en habilitación do disposto na disposición derradeira primeira da Resolución do 31 de decembro de 2017 citada,

RESOLVO:

Modificar a Resolución do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do programa Conecta peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación, a través do apoio a proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Artigo único: modifícase o artigo 38.g) 6) último parágrafo que pasa a ter a seguinte redacción:

En todo caso, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pagamento antes de finalizar o mes en que ao beneficiario lle corresponde liquidar eses gastos.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: q3l6px9-03g3-1kr7-ejj8-35r2mmajwv51

